

TEMAS 11 – 12: *”AS CIDADES”*

(25/05 - 15/06)



1. A CIDADE


- **DEFINIÇÃO (ONU):** “é un núcleo de poboación que conta con numerosos habitantes e unha edificación densa e en altura; desempeña funcións principalmente industriais e terciarias (servizos); e estende a súa influencia máis alá do seu propio territorio”.

Países	Criterio pobacional
XAPÓN	Cidade = > 30.000 hab.
ESPAÑA	Cidade = > 10.000 hab.
EEUU	Cidade = > 2.500 hab.
CANADÁ	Cidade = > 1.000 hab.
DINAMARCA	Cidade = > 200 hab.



2. A URBANIZACIÓN NO MUNDO

- TAXA DE URBANIZACIÓN (%): *"mide o porcentaxe de poboación dun país que habita nas cidades co respecto ao total de poboación"*.



2. A URBANIZACIÓN NO MUNDO

- AS AGLOMERACIONES URBANAS:

"son grandes áreas urbanas formadas polo crecemento de varias cidades ata unirse, dando lugar a diferentes tipos:



Área urbana




Conurbación



Rexion urbana



Megalópole



ACTIVIDADES SOBRE OS MAPAS:

1. Indica os países/áreas cunha **taxa de urbanización** máis elevada e máis baixa do planeta.
2. Sinala os países coas maiores **aglomeracións urbanas** do mundo e as zonas do planeta menos urbanizadas. Como explicarías a escasa urbanización destas zonas?
3. Procura en internet algún exemplo diferente de **área urbana, conurbación, rexión urbana e megálópole**.



3. A MORFOLOXÍA URBANA

A forma das cidades depende de varios aspectos:

- **A LOCALIZACIÓN**: relaciónase coa orixe histórica da cidade e a súa función orixinal (defensiva, comercial...).




- **O PLANO**: é a representación gráfica da superficie da cidade e pode ser *irregular, cuadrículado ou radiocéntrico*, aínda que o normal é que nas cidades grandes se superpoñan varios tipos.




- **A EDIFICACIÓN**: é o conxunto de construcións urbanas, que en función da súa disposición pode ser aberta ou pechada e colectiva (en altura) ou individual (vivendas pequenas).




- **OS USOS DO SOLO**: son as diferentes utilizacións do espazo urbano:



RESIDENCIAL



COMERCIAL



INDUSTRIAL



SERVICIOS



DOTACIONAL

4. A ESTRUCTURA URBANA

As cidades divídense en distintas áreas con morfoloxía e funcións específicas:

- O CENTRO URBANO: inclúe os barrios residenciais históricos e centros de negocios.



- **A PERIFERIA SUBURBANA**: inclúen polígonos industriais e barrios residenciais de nova creación para os traballadores.




- **A FRANXA PERIURBANA**: áreas industriais e de servizos e urbanizacións aparecen nestes espazos nos que se mestura o campo e a cidade.




5. XERARQUÍA URBANA

As cidades relaciónanse entre si formando **redes** conectadas por **eixos** polos que circulan as persoas, as mercancías, os capitais, a información ou a tecnoloxía.




Sistema jerárquico de la geografía de centralidades

- Nodo global
- Nodo nacional
- Nodo multinacional
- Nodo subnacional/regional



A **rede urbana mundial** está composta por cidades globais, grandes metrópoles nacionais, metrópoles rexionais e cidades medianas e pequenas.



A REDE URBANA DE ESPAÑA



ACTIVIDADES:

4. Cantos eixos urbanos hai en España? Cales son as metrópoles nacionais? Cal dirías que é o eixo principal e por que?

5. Describe o eixo urbano galego.

6. PROBLEMAS DAS CIDADES

Algúns dos principais problemas actuais das cidades son os seguintes:

- O ruído.
- A contaminación atmosférica.
- Os residuos urbanos.
- A escaseza de vivenda.
- A dispersión da urbanización.
- A pobreza e a exclusión social.

Contaminación atmosférica.



Contaminación acústica.



Producción de basura.



ACTIVIDADE FINAL: “*ESTUDO URBANÍSTICO*”

OBXECTIVO: repasar os contidos do tema por medio do análise dunha cidade concreta.

PASOS A SEGUIR:

- 0 **Escooller unha cidade**: pode ser calquera do mundo, pero pensade ben a elección e tede en conta que as cidades grandes dan máis xogo que as vilas ou cidades moi pequenas...
- 1 **Introdución**: presentación da cidade (título orixinal...) na que se inclúan os datos básicos actuais (país, localización, poboación, etc).
- 2 **Morfoloxía e estrutura urbana**: explicar a súa localización (orixe) e as distintas zonas e áreas da cidade por medio de imaxes de internet (o plano, o centro histórico, barrios, periferia...).
- 3 **Problemas**: indicar algúns dos principais problemas que ten a cidade, con imaxes a ser posible.
- 4 **Conclusións**: dar a túa opinión persoal sobre a cidade, incluír algunha nova de interese que vexas na rede, etc.

FORMATO DO TRABALLO: o ideal e máis sinxelo é facelo a ordenador (con diapositivas ou texto), pero dadas as circunstancias pódese facer a man (mellor en folios con título, boa presentación, imaxes recortadas...).